



lanzadeXras

tema 8: marca persoal

módulo 29

melloras



tema 8: marca persoal

módulo 29

semana 8 | día 1

lanzadebras



lánzate á aventura de emprender

índice do módulo

ÍNDICE TEMÁTICO

semana 1 | identidade

semana 2 | persoas

semana 3 | habilidades

semana 4 | estratexia

semana 5 | mercadotecnia

semana 6 | creatividade

semana 7 | xestión

semana 8 | marca persoal

semana 9 | comunicación

ÍNDICE MODULAR

módulo 29 | melloras

módulo 30 | necesidades

módulo 31 | cambios

módulo 32 | diferenzas

ÍNDICE DO MÓDULO

resumo teórico | páxina 04

exemplo | páxina 08

videotutorial | páxina 09

GramolaEmprendedora



Escoita
Work

Rihanna&Drake



NO CAMIÑO DO EMPREDEMENTO, VOSTEDE ESTÁ AQUÍ





tema 8: marca persoal

módulo 29

semana 8 | día 1

lanzadeiras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

Ademais de xestionar a súa empresa, un emprendedor debe ser capaz de xestionar a súa propia marca persoal, como bo profesional que é. A meta está, como afirmaba Tom Peters, en conseguir “pasar de ser unha persoa anónima a ser toda unha icona e un logotipo”. E para iso sempre é necesario operar un cambio.

Non se trata de maxia, de fama nin de manipulación. Trátase de esforzo; de traballar aliñado coa empresa na boa dirección e orientado ao logro nunha sociedade en continuo proceso de transformación que nos convida e esixe cambios secuenciais e progresivos.

Debemos mellorar as nosas habilidades e o noso talento, os nosos niveis de empatía, a nosa capacidade de traballar en equipo e de lideralos e a nosa cota de autoconfianza. E debemos facelo para mellorar a nosa personalidade e para ocupar unha categoría robusta, sólida e poderosa na mente dos consumidores.

Buscando operar esas melloras debemos preguntarnos: Por que os demais teñen que crer en min? Busco mellorar e progresar, pero que ofrezco a cambio de conseguilo? E quero chegar a outro lugar de máis resonancia e oportunidades? Agora ben, estou a tentalo alcanzar con todas as miñas forzas? Sen dúbida, son preguntas incómodas de non fácil resposta. Porque chegar queremos chegar moitos. O difícil é o camiño e o prezo que cada un está disposto a pagar para, sen renunciar aos seus valores,





tema 8: marca persoal

módulo 29

semana 8 | día 1

lanzadeiras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

demostrar o que un vale.

Moitos morren no intento e déixanse vencer pola dureza da ruta. Brota entón a inseguridade. E ela lévanos ao medo. E aos poucos, conforme crece e nos vai gañando, este transfórmase en ira que pronto se converte en odio e acaba por inflixirnos crecentes niveis de sufrimento. Quen dixo que o proceso ía ser fácil?

Contra todo isto debemos rearmarnos de actitude positiva, proactiva e construtiva da man dunha curiosidade insaciable, dunha paixón desmedida por alcanzar a meta e dunha adherencia sen fisuras aos nosos valores, ás nosas crenzas e a todas aquelas persoas que, dunha maneira ou doutra, nos fan progresar na vida. Son a antítese da xente tóxica. Son os axentes antioxidantes; a nosa mellor partida para saltar obstáculos e consolidar unha marca persoal forte e solvente; o mellor caldo de cultivo da intelixencia, que é a virtude de gañar e facer gañar aos demais para conseguir unha ganancia global na sociedade. E unha fonte eterna de valor engadido. A única que se coñece W2W (win to win); gañar facendo gañar.



tema 8: marca persoal

módulo 29

semana 8 | día 1

lanzadebras

aprender do que outros fixeron con mestría


exemplo



AS MELLORAS SEGUNDO DURÓ

Emilio Duró é un gran experto en motivación. Os asistentes ás súas charlas defínenlo como alguén que contaxia optimismo. Por esta razón escollémolo como exemplo para falar da importancia de crear unha marca persoal.

A definición da personalidade ten moito que ver con como nos verán os nosos clientes. Segundo Duró, debemos loitar polo que verdadeiramente nos gusta e ilusiona, sendo quen de xestionar o noso estado de ánimo para ofrecer unha marca propia e diferenciarnos do resto de profesionais do sector.



a hemeroteca de Paula



tema 8: marca persoal

módulo 29

semana 8 | día 1

lanzadebras

fotogramas que valen máis que mil verbas

videotutorial

CHIARA FERRAGNI

<https://www.youtube.com/watch?v=cqkLJABuJus>



Neste pequeno vídeo podemos escoitar a blogueira e influencer máis famosa na actualidade: Chiara Ferragni. Esta moza italiana conseguiu achegar todo o máis alto grazas aos comezos co seu blog “The blonde salad”, facendo da súa propia imaxe unha marca. Todo isto, segundo ela afirma, logrouno sendo positiva, con moita enerxía e rodeándose, xa nos seus comezos, de xente positiva e persoas adecuadas para tomar as mellores decisións. Con ganas de mellorar, esta moza continúa cos seus traballos, aumentando os seus proxectos cada día. E é que hoxe, ademais do produto, debemos vender a nosa marca persoal.

